

DÍGOCHO CON (DES)AMOR

Febreiro é o mes da Candeloria, o mes que prelude a chegada da primavera. *A partir da candeloria, ningunha ave voa soa* di o refrán, para lembrar que nesta data, na cultura popular, casan os paxariños.

Para celebralo, o EDLG e o Equipo da Biblioteca do IES Plurilingüe Fontexería organizan o concurso de mensaxes de (des)amor “Dígocho con (des)amor”: *unha mensaxe breve, un chío, un poema, unha carta... (para namorado, namorada, pai, nai, amigos, amigas, lingua, ...), que non superen as 300 palabras.*



BASES DO CONCURSO

1. Poderán participar no concurso todas as persoas do centro que o desexen.
2. Os escritos deberán ser orixinais, inéditos, redactados en galego e non deberán superar as 300 palabras.
3. Cada persoa poderá presentar un escrito.
4. Haberá unha única categoría, pero entregaranse varios premios e accésits.
5. Os criterios para escoller os gañadores serán a orixinalidade, a beleza, o contido e a corrección lingüística.
6. Para participar haberá unha **caixa/buzón na Biblioteca do Centro**.
7. Os escritos levarán ao final un pseudónimo ou lema, pero non o nome do autor. Os datos persoais (nome apelidos e curso no caso do alumnado) irán nun sobre pechado, que levará no exterior o pseudónimo. Os traballos e o sobre pequeno introduciranse nun sobre máis grande para ser depositado na Caixa habilitada na Biblioteca.
8. **O prazo para participar remata o 10 de febreiro de 2023.**
9. O xurado estará integrado por profesorado do Claustro.
10. A decisión do xurado farase pública no taboleiro do EDLG, na da web do Centro e na Aula Virtual.
11. Os escritos premiados poderán ser publicados, polo que os seus autores ceden os seus dereitos ao IES Plurilingüe Fontexería.
12. A resolución do xurado será inapelable. E a participación no concurso implica aceptación das presentes bases, así como a decisión do xurado.

